



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A ELIMINACIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DA CIDADE DE FERROL

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a eliminación da simboloxía franquista da cidade de Ferrol.

Exposición de motivos

A sociedade española, pasados máis de 40 anos do fin da ditadura militar franquista e nos que se produciu un desenrolo democrático, está obrigada a recoñecer oficialmente as súas vítimas e a que se faga xustiza respecto á dura represión que padeceron.

Así mesmo, a experiencia de máis de 30 anos de exercicio democrático, permite abordar dun xeito maduro e aberto a relación coa nosa Memoria Democrática, tendo en conta que recuperar dita memoria é a forma máis firme de asentir o noso futuro de convivencia e paz social.

Defendemos a condición de vítima, con dereito a reparación xurídica, moral e económica, a todas as persoas e familiares directos que sufriron execucións, penas, sancións, detencións, torturas, exilios, desterros, depuracións, confiscacións, calquera perxuízo económico ou patrimonial e calquera outra forma de represión sufrida por persoas físicas ou xurídicas, violación individual ou colectiva dos dereitos humanos fundamentais, xa que son manifestamente inxustas e contrarias aos Dereitos Humanos e ás liberdades que constitúen o fundamento do orden constitucional hoxe vixente e que son a base da convivencia da nosa sociedade.

Por iso, é imprescindible eliminar toda simboloxía que convive con nós nos espazos públicos ou privados de uso público e que exalta os valores, símbolos ou personalidades vinculadas coa ditadura franquista.

A Ley de Memoria Democrática recentemente aprobada declara no seu artigo 1.3 *“ilegal o réxime xurdido da contenda militar iniciada co golpe militar do 18 de xullo de 1936”*; o artigo 35.1 considera *“elementos contrarios á memoria democrática as edificacións, construcións, escudos, insignias, placas, calquera outros elementos ou obxectos pegados a edificios públicos ou situados na vía pública nos que se realicen mencións conmemorativas en exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo ou das organizacións que sustentaron a ditadura...”*; continuando no artigo 35.2 coa consideración de elementos contrarios á memoria democrática *“as referencias realizadas a topónimos, no rueiro ou nas denominacións de centros públicos, da sublevación militar de da Ditadura, dos seus dirixentes...”*; o artigo 40 indica que *“as administracións públicas adoptarán medidas oportunas para retirar recoñecementos, honores e distincións anteriores á entrada en vigor desta lei que resulten manifestamente incompatibles coa valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais, que comporten exaltación ou enalteceamento da sublevación militar, a Guerra ou a Ditadura”*.

Así mesmo, contamos cunha sentenza do Tribunal Supremo, diversas resolucións do Parlamento Galego e a Deputación da Coruña e varios acordos Plenarios aprobados por esta corporación que aínda están á agarda de ser cumpridos.

No mesmo sentido, temos parte do tecido social implicado na reconstrución dunha sociedade que busca abolir a representación do franquismo dos espazos públicos e privados coma se pon de manifesto coa iniciativa presentada polo Colectivo de presas e presos políticos de Ferrol na ditadura, onde solicitan a retirada da simboloxía franquista da nosa cidade, e quen son os verdadeiros impulsores desta moción.

Polo que, e en virtude de todo o exposto, este grupo municipal de Ferrol en Común insta ao Pleno da Corporación a aprobar os seguintes ACORDOS:

1. Retirar a simboloxía sinalada no anexo a esta moción en aplicación da Lei de Memoria Democrática, da sentenza do Tribunal Supremo, tendo en conta as resolucións do Ministerio de Defensa, do Parlamento Galego e da Deputación da Coruña.
2. Solicitar ao Ministerio de Defensa que retire os restos de Salvador Moreno Fernández e Francisco Moreno Fernández do Panteón de Mariños Ilustres de San Fernando (Cádiz).
3. Instar ao goberno municipal a realizar as xestións necesarias ante os herdeiros do ditador Franco e Patrimonio Nacional para conseguir a devolución física da Medalla de Ouro ao ditador e a medalla de ouro e prata sinaladas no anexo da moción.
4. Atender á petición de inclusión dunha persoa do colectivo de presas e presos políticos de Ferrol na ditadura na Comisión ou Mesa de Memoria Histórica para a retirada da simboloxía franquista.
5. Instar ao goberno municipal a que realice as xestións necesarias con administracións, tanto públicas coma privadas, para executar estes acordos.

Ferrol, 27 de marzo de 2023

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común